

Memoria económica xustificativa relativa á prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, para a anticipación de actuacións de promoción do transporte público que se implantarán a través da constitución da Área de Transporte de Galicia

1.- Con data 23 de xullo de 2021, a entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra, asinaron un convenio de colaboración para a aplicación anticipada e provisional no Concello de Pontevedra de actuacións previstas para a Área de Transporte de Galicia, coa finalidade de promover a aplicación de medidas de fomento do transporte público colectivo.

2.- A cláusula quinta -Duración- establece a posibilidade de prórroga expresa do convenio máis alá da data inicialmente prevista (31 de decembro de 2022) co fin de manter a liña de colaboración xa iniciada e, sempre e cando, dito acordo se adopte polas partes asinantes con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, debendo detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.

O 14 de decembro de 2022 asinouse unha primeira prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2023, o 14 de decembro de 2023 asinouse unha segunda prórroga ata o 31 de decembro de 2024 e o 13 de decembro de 2024 asinouse unha terceira prórroga ata o 31 de decembro de 2025.

3.- Vistas as vantaxes que para as persoas usuarias representa esta liña de colaboración, considérase conveniente o seu mantemento máis alá da data inicialmente establecida, polo que se amplía o prazo de vixencia do convenio de colaboración, fixado na súa cláusula quinta, de xeito que este estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2026 ou, ata a data de integración do concello de Pontevedra na Área de Transportes de Galicia, logo da sinatura do correspondente convenio de colaboración, no caso de que se produza con anterioridade a esa data, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por períodos anuais ata un máximo de catro anos, por mutuo acordo das partes.

4.- A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da execución desta prórroga. Para súa execución o Concello de Pontevedra comprométese a transferir as súas correspondentes achegas consonte co indicado na estipulación 3.2.3 do convenio de colaboración.

Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 05.08.512A.470.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A estimación das achegas para o ano 2026 é de **357.816 €**.





Esta estimación para o 2026 está calculada de acordo coa demanda real durante os nove primeiros meses do ano 2025, aplicando a porcentaxe de incremento experimentada en ditos meses con respecto ao mesmo período do ano 2024, para a estimación do último trimestre do ano, o que supón un incremento da demanda anual nun 8,8% respecto da alcanzada no ano 2024. Así, a previsión de peche de demandada estímase nun total de 735.320 viaxes (fronte aos 676.064 viaxes do ano 2024).

5.- No non establecido expresamente no acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 23 de xullo de 2021.

A xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte
Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

A directora xeral de Mobilidade
Judit Fontela Baró

(documento asinado dixitalmente)

